

ACTA DA SESION ORDINARIA DO CONSELLO DEPARTAMENTO X14

LISTA DE ASISTENTES

Ana Amorós Pons
Vicente Badenes Plá
Xosé Manuel Baamonde
Alberto Dafonte Gómez
Julia Fontenla Pedreira
David Formoso
Oswaldo García Crespo
Silvia García Mirón
Beatriz Legerén
Carmen López de Aguilera
M^a Isabel Míguez
Julinda Molares Cardoso
Jose Octavio Rodríguez Nieto
José Rúas Araujo
Emma Torres Romay
Montse Vázquez Gestal

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Juan Manuel Corbacho
Pedro Pablo Gutiérrez
Xabier Martínez Rolán
Alberto Pena Rodríguez
Diana Ramahí
Mónica Valderrama Santomé

Acta da sesión ordinaria do Consello do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Universidade de Vigo do 6 de novembro de 2019, convocada para as 12:30 h en primeira convocatoria e ás 13:00 h en segunda na sala de xuntas da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.

O día 6 de novembro de 2019, ás 13:00 h, deu comezo a sesión co obxecto de tratar os seguintes puntos da **orde do día**:

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.

A profesora Emma Torres solicita unha rectificación na acta da sesión anterior na que non consta a súa desculpa por ausencia. A secretaria informa que se comprobará o correo e rectificarse a acta.

Apróbase.

2. Informe do director do Departamento.

O director do departamento, José Rúas Araujo, informa:

- Da asistencia ao "Foro de la Comunicación". Representará ao Departamento a profesora Carmen López de Aguilera.
- Da benvinda aos profesores Octavio Rodríguez Nieto e Carmen Maíz Bar, asociados doutores, que pasan a ser membros do Departamento.
- Da adquisición dunha segunda impresora para o Departamento. A actual trasladarase ao o outro corredor do terceiro andar. Buscaremos un moble onde instalar a nova impresora.
- De que o Departamento xa ten bolseira e aproveita a presenza do profesor Baamonde para apelar a súa calidade de decano e solicitar unha dependencia para ela.
- Do curso, *Narración audiovisual e transmedia*, dentro do programa de formación do profesorado que terá lugar a vindeira semana, martes, mércores e xoves pola tarde, impartido por Pepelu Viñas Orta, realizador, creador e xestor de contidos TV.
- De que o profesor, Sergio Frade, lle informou dun erro na compatibilidade entre a súa actividade laboral e docente coa materia *Campañas de Imaxe e Relación Públicas*, na que imparte 20 horas, e que tras falar co profesor Juan Corbacho, farán un cambio coa materia *Relacións Públicas e Protocolo*. Esta modificación levarase na orde do día do vindeiro Consello de Departamento para a súa aprobación.

3. Ratificación, se procede, da solicitude de renuncia de saída a concurso dunha das prazas de axudante doutor.

O Departamento solicitou a renuncia da praza de axudante doutor, que non formaba parte do programa de promoción do profesorado, debido a que a docencia era impartida polo profesor Vicente Badenes e ademais a praza estaba comprometida para o próximo concurso de profesorado.

A profesora Emma Torres fai constar que xa avisou cando se elaboraba o POD que non había horas para sacar as prazas de axudante doutor e agora hai que rectificar o que xa se avisara. Afirmar que hai que facer unha mellor planificación da docencia porque hai que promocionar a xente da casa.

A secretaria informa que, precisamente, por contar primeiro coa xente da casa renúnciase a esta praza. Tampouco se trata dunha mala planificación nin da inexistencia de docencia, o Departamento solicitou a praza de axudante doutor cando saíron catro prazas de asociado no primeiro concurso de profesorado e a outorgaron agora. Se a dotaran para o primeiro cuadrimestre houbera facilitado a organización docente do Departamento.

Por outra banda, a profesora Emma Torres manifesta que se lle incluíu na CEA encargada de xulgar a praza de axudante doutor de promoción de profesorado e que non quere formar parte dela. Manifesta, ademais, a súa desconformidade e alega que estaba ausente, de permiso concedido polo Departamento, e que nin se lle consultou. Non quere estar como suplente porque é unha praza que vai dar moitos problemas e xa estivo en moitas comisións. Solicita que se faga a consulta ao Servizo de PDI para saber o procedemento para non ser membro na CEA.

A profesora Emma Torres chama a atención, tamén, sobre a composición da CEA. Alega que non se seguen os criterios de categoría e antigüidade na presidencia e que o secretario ten que ser o de menor idade. Advirte que a mala constitución da CEA pode dar lugar a posteriores reclamacións.

Apróbase

CEA

Presidente: Ana Amorós Pons

Secretaria: Montserrat Vázquez Gestal

Vogais: Ana Belén Fernández Souto, Alberto Pena Rodríguez e Pedro Pablo Gutiérrez

Tribunal Suplente:

Presidente: José Rúas Araújo

Secretario: Jorge Lens Leiva

Vogais: Emma Torres Romay, Mónica Valderrama Santomé e Juan Corbacho Valencia

4. Ratificación, se procede, do baremo para a cualificación dos méritos para a xeración dunha lista de agarda.

A secretaria informa que, no anterior Consello, aprobouse solicitar unha lista de agarda para encher as vacantes na docencia, xeradas por circunstancias diversas. Trala existencia de varios baremos e o descoñecemento do momento para a elección de un deles, decidiuse que se preguntaría en Profesorado e que no caso de ter que optar por un, posteriormente, ratificaríase en Consello de Departamento.

En Profesorado informan que o baremo debía decidirse no momento no que se solicita, polo que a dirección optou polo baremo B, no que a maior puntuación é para o expediente académico e o investigador. Eliximos o baremo B porque un membro do Consello mostrou interese por presentarse e ,

ademais, o baremo é máis interesante para o profesorado en formación, profesorado co que contamos neste intre.

O Departamento aprobou ademais a **CEA para a lista de agarda:**

Comisión Titular:

Presidente: Silvia García Mirón

Secretario: Paulino Pérez Feijó

Vogais: Alberto Dafonte, Xabier Martínez Rolán, Isabel Martínez

Comisión Suplente:

Presidente: David Formoso.

Secretaria: Julinda Molares.

Vogais: Vicente Badenes, Montse Vázquez y Ana Belén Fernández Souto.

A profesora Silvia García Mirón pide que se revise a antigüidade dos membros da Comisión por se houbera que facer algunha rectificación na composición da mesma.

5. Rolda de intervencións.

A profesora Carmen Aguilera solicita, unha vez feitas as consultas e a comprobación, o envío da composición das CEAs aos membros do Departamento. Enviarase por correo electrónico.

A profesora Emma Torres solicita, de novo, que se faga a consulta para renunciar a ser membro da CEA da praza de Axudante Doutor e reitera a súa intención de non estar incluída nas comisións de máis prazas polo de agora, e que máis adiante xa verá.

Sen máis intervencións que tratar, levántase a sesión ás 14:10 horas.

En Pontevedra, 6 de novembro de 2019

A secretaria

O director

Montserrat Vázquez Gestal

José Rúas Araújo